

ACTIVIDADES

- Programa Entroido 2020. Concello da Coruña
- "Tarkovski/Bach: la música de la vida del hombre". Fundación Luis Seoane
- Ciclo de cine "Mulleres". Afundación
- Ciclo de cinema medio ambiental na UDC
- Charla informativa sobre Servizo Voluntario Europeo. Fundación Paideia
- Ciclo de charlas "Atlas portátil da arte en latinoamérica". Fundación Barrié
- Feira virtual de univesidades UNiferia
- Ciclo de conferencias "Mulleres e realidades comúns". A.C. Alexandre Bóveda
- Charlas informativas de Iniciativa Xove e Galeuropa. D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado
- Axenda de concertos ata fin de mes na Coruña

BOLSAS

- Idiomas do Mundo 2020. Concello da Coruña
- Bolsas Europa FP - Proxecto AcorEuropa IX. Concello da Coruña

CONCURSOS

- Lingua de namorar. D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado
- Concurso de guións "E ti, como controlas?". Fundación Esplai,
- XI Festival de Clipmetraxes de Mans Unidas
- XXIV Certame de poesía Francisco Añón. Concello de Outes,
- 17 Certame de Cómico de Cangas. Concello de Cangas
- Concurso "Balbino" de relatos. Técnicas & Gramaxe

VARIOS

- Proceso de admisión de alumnos en centros de E.S.O. e Bacharelato para o curso 2020-2021. Consellería de Educación
- Probas específicas de acceso ao grao en CC. da Actividade Física e do Deporte da UDC

ACTIVIDADES

Programa Entroido 2020

O Concello da Coruña presentou a programación das actividades do Entroido 2020

O Programa inclúe concursos de carrozas, comparsas e disfraces, pasarrúas, desfiles, concertos, festa choqueira, velorios da sardiña e moito máis. Pódese acceder a programación completa na web www.coruna.gal

Dende a Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación organizanse **actividades de Entr oido nos centros cívicos:** toda a programación en www.coruna.gal/serviciosociais

CANDO: do 14 ao 29 de febreiro de 2020

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello da Coruña

Tel.: 981 184 200 / 010

www.coruna.gal

*Arquivo: [programación entroido .pdf \(1 MB\)](#)



"Tarkovski/Bach: la música de la vida del hombre"

A Fundación Luis Seoane acolle a conferencia "Tarkovski/Bach: la música de la vida del hombre", dentro do ciclo de diálogos musicais A_NEXOS. Nesta ocasión, o programador e comisario Javier Trigales analizará a relación entre a obra de ambos artistas acompañado do pianista Carlos Marín Rayo, un dos intérpretes máis destacados da súa xeración.

CANDO: 22 de febreiro de 2020

HORARIO: 20.00 h.

PREZO: gratuíto (retirada de invitación na recepción da Fundación Seoane)

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fundación Luis Seoane

San Francisco, 27 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 216 015 - correo-e: info@fundacionluisseoane.gal

Web: <https://fundacionluisseoane.gal>



Ciclo de cine "Mulleres" en Afundación

Afundación organiza en marzo o ciclo "Mulleres", con 4 filmes que dan voz a mulleres valentes, atrevidas e loitadoras e trata temas como a reivindicación de dereitos, a soidade ou o traballo digno.

CANDO:

- 2 de marzo: **"La buena esposa"**, de Björn Runge (Reino Unido, 2017). NRM de 12 anos
- 9 de marzo: **"Toni Erdmann"**, de Maren Ade (Alemania, 2016). NRM de 16 anos
- 16 de marzo: **"La favorita"**, de Yorgos Lanthimos (Reino Unido, 2018). NRM de 12 anos
- 23 de marzo: **"Una cuestión de género"**, de Mimi Leder (EEUU, 2018). Todos os públicos (*especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero*)

HORARIO: os luns ás 19:00 h.

PREZO: entrada gratuíta

*retirada de invitacións -máximo 2 por persoa- desde 5 días antes de cada proxección en <http://ataquilla.com> ou 1 hora antes na taquilla de Afundación


LUGAR / INFORMACIÓN:

Sede Afundación A Coruña

Cantón Grande, 8 (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 185 060 - correo-e: socioculturales@afundacion.org

Web: www.afundacion.org



ACTIVIDADES

Ciclo de cinema medio ambiental na UDC

Dentro do Programa Marzo Ambiental, organizado pola Oficina de Medio Ambiente da UDC e a Fundación Alcoa, inclúese un ciclo de cinema-debate medioambiental que contará coa presenza dos directores.

CANDO:

- 3 de marzo ás 17.00 h. "**Redes contra a política do expolio**", de Xosé Bocixa. *Facult. de Socioloxía*
- 17 de marzo ás 19.00 h. "**Made in, Made for**", de Jon Kareaga. *NORMAL (Riazor)*
- 18 de marzo ás 19.00 h. "**Fíos Fora**", de Illa Bufarda. *NORMAL*

PREZO: entrada libre ata completar capacidade

MÁIS INFORMACIÓN:

Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC)

Edif. Xoana Capdevielle. Campus de Elviña (15071 - A Coruña)

Tel.: 981 167 000 Exts.: 5688 / 5626 / 7769

Correo-e: oma@udc.es

Web: www.udc.es/es/sociedade/medio_ambiente



Charla informativa sobre Servizo Voluntario Europeo

A Fundación Paideia organiza o próximo 5 de marzo unha nova charla informativa sobre o Servizo Voluntario Europeo (SVE), proxectos de voluntariado destinados á mocidade e incluídos no Erasmus+

O Servizo Voluntario Europeo (SVE) é un proxecto de voluntariado financiado pola UE e pertencente ao programa Erasmus+, que permite á mocidade entre 18 e 30 anos realizar un voluntariado nunha organización ou institución de Europa por un periodo de longa duración (entre 6 e 12 meses).

A asistencia a algunha destas reunións informativas é obrigatoria para as persoas que queiran que a Fundación Paideia sexa a súa organización de envío no seu proxecto de voluntariado europeo.

CANDO: 5 de marzo de 2020

HORARIO: 12.00 h.

PREZO: gratuito, previa inscrición en

www.paideia.es/voluntariado-europeo/#formulario_sve

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fundación Paideia

Tel.: 981 223 927 - correo-e: sve@paideia.es

www.facebook.com/SvePaideia

Web: www.paideia.es/voluntariado-europeo



Ciclo de charlas "Atlas portátil da arte en latinoamérica"

A Fundación Barrié organiza en marzo este ciclo de conferencias nas que especialistas de diversos ámbitos guiarannos nunha viaxe pola arte de América Latina, presentado como un mapa sobre o que se trazaron varios percorridos para achegarnos á arte latinoamericana desde diversas disciplinas, épocas e estilo, abordando cuestións como identidade, revolución, globalización, colonialismo, mestizaxe...

CANDO:

- 3 de marzo: [Presentación do Atlas](#), por Estrela de Diego (catedrática Univ. Complutense de Madrid)
- 10 de marzo: [Arquitectura outra, descentrada, radical. Os Pritzker latinoamericanos](#), por Guillermo Barrios (arquitecto)
- 17 de marzo: [Arte desde América Latina. Identidade, globalización e dinámicas culturais](#), por Gerardo Mosquera (crítico e comisario)
- 24 de marzo: [A arte de América Latina na historia do MNCARS](#), por Marga Paz (fundación Amigos MNCARS)

HORARIO: os martes ás 20:00 h.

PREZO: entrada libre ata completar capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fundación Barrié

Cantón Grande, 9 (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 22 15 25 - correo-e: info@fbarrie.org

Web: www.fundacionbarrie.org



ÓSCAR NIÑERA, 'Vendedores de Flores', 1946, desde © (2012) Museo de México Diego Rivera Frida Kahlo Museo del Traje, México, D.F. / VESAF Madrid

ACTIVIDADES

Feira virtual de univesidades UNiferia

Chega a 2ª edición de UNiferia, a feira virtual de universidade promovida por CRUE Universidades Españolas, un espazo virtual de encontro entre as universidades e os futuros universitarios,

O estudantado poderá informarse da oferta académica de 54 universidades de España e poderán contactar directamente con responsables dos títulos que lles interesen para que lles resolvan dúbidas.

Ademais, poderán obter información relativa ao acceso á universidade, bolsas, posibilidades de internacionalización e os pasos necesarios para formalizar a matrícula.

CANDO: do 17 ao 28 de febreiro de 2020

LUGAR / INFORMACIÓN:

www.uniferia.org



Ciclo de conferencias "Mulleres e realidades comúns"

A Agrupación Cultural Alexandre Bóveda organiza, en colaboración coa Marcha Mundial das Mulleres, o ciclo feminista "Mulleres e realidades comúns", unha charla ao mes de xaneiro a maio e que terá como clausura o debate "Balance do feminismo no último ano" xa no mes de xuño

CANDO:

- 21 de febreiro: "**Mamá, quero ser activista**", por Inma García Fuentes (educadora social)
- 25 de marzo: "**A saúde mental das mulleres ou como patoloxizar desigualdades**", por Paula Tomé (activista dos dereitos das persoas con diagnose psiquiátrica)
- 17 de abril: "**Na procura dunha memoria colectiva LGTBI galega**", por Daniela Ferrández (doutora en Hª Contemporánea)
- 13 de maio: "**Coidadora e coidados: feminino singular**", por Paloma Seijo (educadora social)

HORARIO: ás 19.00 h.

PREZO: gratuíto ata completar capacidade


LUGAR / INFORMACIÓN:

Agrupación Cultural Alexandre Bóveda

Rúa Olmos, 16-1º (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 200 869

Web: www.alexandreboveda.gal



Charlas informativas sobre Iniciativa Xove e Galeuropa

A D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado pon a disposición de concellos, asociacións e grupos informais de mozas/os un servizo de información sobre os programas Iniciativa Xove e Galeuropa

A través deste servizo, que terá un formato de charla explicativa, expoñeranse as principais características dos programas e ofrecerase información práctica sobre a presentación de solicitudes.

- **INICIATIVA XOVE:** programa de axudas de até 5.000€ para financiar ideas lideradas pola mocidade
- **GALEUROPA:** programa de prácticas laborais de até 3 meses nalgún país da Unión Europea

CANDO: as charlas levaranse a cabo mentres estén abertos os prazos de solicitude das diferentes axudas

REQUISITOS:

- Concellos, entidades, grupos informais ou persoas mozas interesadas nesta charla deberán cumprimentar facer a súa solicitude online a través do [formulario electrónico](#) de inscrición (*recibida a solicitude, o/a dinamizador/a responsable da zona porase en contacto coa persoa indicada na solicitude para concretar lugar, data e horario da charla*)

PREZO: de balde

MÁIS INFORMACIÓN:

D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado

Tel.: 981 544 866

correo-e: institutoxuventude.ctb@xunta.gal

Web: xuventude.xunta.es



ACTIVIDADES

Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos ata final de mes nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Pazo da Ópera. Glorieta América (15004 - A Coruña)

www.palaciodelaopera.com

venres 21 e venres 28 ás 20.30 h.: **ORQ. SINFÓNICA DE GALICIA**. Entrada: 11€/6,30€(menores de 25 anos)
sábado 29 ás 20.30 h.: **CAFÉ QUIJANO**. Entrada: desde 25€

Coliseum. R/ Francisco Pérez Carballo 2 (15008 - A Coruña)

www.coruna.gal/cultura

venres 28 e sábado 29 ás 22.00 h.: **VESTUSTA MORLA**. Entrada: 30€/35€

Playa Club. Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>

venres 21 ás 22:00 h.: **HAY POCO ROCK&ROLL** (festival de tributos). Entrada: 12€

Sala Pantalan (Darsena Deportiva Faro de Oza s/n (15006 – A Coruña)

www.facebook.com/Sala-Pantalan

sábado 22 ás 22.00 h.: **ROI MENDEZ**. Entrada: 18€

venres 28 ás 21.30 h.: **ANNIE B. SWEET**. Entrada: 14,50€

Sala INN-Club. Avda. do Porto, 3 (15003 - A Coruña)

www.facebook.com/salainnclub

sábado 22 ás 22.00 h.: **VIVA SUECIA**. Entrada: 18€/22€

Sala Mala Vida. R/ Rey Abdulah, 13 (15004 – A Coruña)

www.facebook.com/salaleclub

sábado 22 ás 21.30: **HERACLES METAL FEST**. Entrada: 13,50€

Sala Mardi Gras. Trav. da Torre,8 (15002-A Coruña)

www.facebook.com/salamardigras

venres 21 ás 22.30 h.: **MUCHO NOIR CLUB**. Entrada: 15€

sábado 22 ás 22:00 h.: **EAGER PLATYPUS + CARLOS CAMPOY**. Entrada: 8€/10€

domingo 23 ás 21.00 h.: **THE MAHONES (THE IRISH PUNK BRIGADE)** . Entrada: 10€

luns 24 ás 22.30 h.: **EXIT** (entrada libre)

sábado 29 ás 22.30 h.: **TRUE MOUNTAINS + WASTED WILTONS**. Entrada: 8€

domingo 1 ás 18.00 h: **LOS PLUTONES**. Entrada: 5€

Bábá Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/baba.bar.7

xoves 20 ás 21.00 h.: **OLAYA ALCÁZAR & YHADIRA**. Entrada: 8€/10€

venres 21 ás 22.00 h.: **BLONDE ON THE TRACKS DYLAN REVUE**. Entrada: 5€

sábado 22 ás 22.00 h.: **THE ELVIS PLAYERS**

xoves 27 ás 21.00 h.: **SOKIE & LOREN TREVA**. Entrada: 5€

venres 28 ás 22.00 h.: **STARDUST JAZZ**. Entrada: 7€

sábado 29 ás 22.00 h: **CARLOS CAMPOY**. Entrada: 5€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

www.facebook.com/SalaGarufaClub

venres 21 ás 45 h.: **SAVOY CLUB BIG BAND**. Entrada:
12€

sábado 22 ás 23.00 h.: **SON DE CAMAGÜEY**. Entrada: 10€

luns 24 ás 22.30 h.: **LOS HOT CHOCOLATES**. Entrada:
10€

xoves 27 ás 22.30 h.: **GARUFA BLUE DEVILS BIG
BAND**. Entrada: 12€

venres 28 ás 22.30 h: **OCTOPUS´S GARDEN**. Entrada: 7€

Jazz Filloa. R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club

venres 21, pasas ás 22.00 e 23.00 h.: **DELITO JAZZ TRÍO**. Entrada: 7€

mércores 26, pasas ás 22.00 e 23.00 h.: **MARDI GRAS CARNIVAL TRIBUTE + jam**. Entrada: 8€

xoves 27, pasas ás 22.00 e 23.00 h.: **CONCERTO CMUS + jam**. Entrada: 5€

venres 28, pasas ás 22.00 e 23.00 h.: **FILIPE DIAS & ANTÓN IGLESIAS**. Entrada: 8€



Idiomas do Mundo 2020

O Concello da Coruña convoca o programa educativo "Idiomas do Mundo 2020", unha actividade de inmersión lingüística no verán de 2020, co obxectivo de avanzar no dominio do inglés, francés, portugués e alemán, ademais de favorecer o achegamento a outra cultura de Europa.

DESTINOS E PRAZAS: 60 bolsas, distribuídas do seguinte xeito:

- Inglés (Irlanda) 37 prazas
- Francés (Francia) 10 prazas
- Portugués (Portugal) 10 prazas
- Alemán (Alemaña ou Austria) 3 prazas

DURACIÓN: 4 semanas de duración durante o verán de 2020, preferentemente no mes de xullo

INSCRICIÓNS: do 17 de febreiro ao 6 de marzo de 2020

- O alumnado interesado en participar deberá inscribirse online en www.coruna.gal/educacion a través da ficha específica (o sistema elabora un xustificante de confirmación que se debe de imprimir e gardar)
- A documentación e a ficha de solicitude, asinada polo/a participante e persoa/s coa patria potestade ou tutela sobre o/a participante, deberá presentarse nos rexistros municipais ou por calquera outro medio permitido pola Lei de Procedemento Administrativo.

REQUISITOS:

- Constar empadroadado no Concello da Coruña xunto co seu pai e/ou nai ou representante legal dende o 1 de setembro de 2019. Tamén serán aceptados empadroadamentos posteriores nos casos en que se acredite traslado de domicilio e centro educativo motivado por cambio de localidade de residencia.
- Estar cursando, no réxime xeral, 4º da ESO ou 1º de Bacharelato no curso 2019/2020.
- Obter no curso 2018/19 unha cualificación mínima de 6 en 3ª ou 4ª da ESO e non ter ningunha materia suspensa.
- Obter no curso 2018/19 unha cualificación mínima de 6 en 3º ou 4º da ESO nas linguas estranxeiras para as que se solicite o programa (inglés, francés, portugués ou alemán). No caso de estar a cursar algún destes idiomas na Escola Oficial de Idiomas poderase alegar a cualificación obtida nela. Para o caso de portugués, de non se estar a cursar esta materia, a cualificación a valorar será a correspondente á materia de lingua galega e literatura do curso anterior.
- Estar en posesión do DNI, NIE ou pasaporte.
- Non ter sido beneficiario no ano 2019 en "Idiomas do mundo 2019" nin en "Junior Year 2019/2020".
- As persoas que precisen visado deberán dispor do mesmo cando menos 15 días antes do inicio da viaxe. A tramitación e obtención do visado é responsabilidade da persoa solicitante

DOTACIÓN: o alumnado seleccionado poderá ser beneficiario dunha bolsa total ou parcial en función das circunstancias económicas familiares

- a) **Bolsa total:** serán beneficiarias/os desta bolsa as persoas seleccionadas que non superen os 9.000 € anuais de renda per cápita
- b) **Bolsa parcial:** O Concello asumirá un máximo do 95% e un mínimo do 5% do custo total das prazas do alumnado seleccionado que supere os 9 000 € anuais de renda per cápita.

O programa inclúe: viaxes e desprazamentos até o destino, acompañamento por monitoras/es, estancia en familia en réxime de pensión completa, clases intensivas do idioma, actividades culturais e adicionais, seguemento e control por persoal, seguro de responsabilidade civil...

MÁIS INFORMACIÓN:

Servizo Municipal de Educación

Casa Paredes: Avda. da Mariña, 18 -3º
15001 - A Coruña
Tel. 981 184 200 ext. 12038 e 12043
Correo-e: educacion@coruna.es
Web: www.coruna.gal/educacion

PUBLICACIÓN: BOP 13/02/2020



Bolsas Europa FP-Proxecto AcorEuropa IX

O Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña, convoca **12 bolsas**, destinadas a persoas tituladas en ciclos superiores de FP, para realizar prácticas formativas durante 3 meses en empresas de diversos países europeos

CANDO: o periodo de prácticas será de 90 días entre finais de setembro a decembro de 2020

LUGAR: as 12 bolsas distribúense da seguinte maneira:

- 2 bolsas en francés en Francia (Burdeos) ou Bélxica (Bruselas)
- 3 bolsas en italiano en Italia (Padua, Campobasso ou Florencia)
- 4 bolsas en inglés en Irlanda (Cork) ou RU (Cardiff), República Checa (Praga) ou Austria (Viena, pode ser en alemán)
- 3 bolsas en Portugués en Portugal (Lisboa)

Esta distribución poderá variar en función da competencia lingüística das/os seleccionadas/os e da existencia de empresas axeitadas ao seu perfil profesional e académico

INSCRICIÓNS: do 2 ao 23 de marzo de 2020, en liña na web www.coruna.gal/educacion (o xustificante de solicitude xunto a documentación requirida deberá presentarse en calquera rexistro municipal)

REQUISITOS:

- Ter finalizados os estudos de ciclo superior de FP, incluída a Formación en Centros de Traballo (FCT), en decembro de 2019 ou en xuño de 2020
- Ter a titulación de técnico/a superior nalgún dos ciclos formativos impartidos nos centros asociados ao programa:
 - CIFP Anxel Casal
 - CIFP Escola de Imace e Son
 - CIFP Paseo das Pontes
 - CIFP Someso
 - IES Eusebio da Guarda
 - IES Fernando Wirtz
 - IES Ramón Menéndez Pidal
 - IES Urbano Lugrís
 - IES A Sardiñeira.



DOTACIÓN:

- Viaxes e desprazamentos de ida e volta desde A Coruña ata a poboación de destino
- Aloxamento na poboación de destino durante o período da estadía
- Axuda económica para financiar a manutención durante a estadía de 1.500,00€.
- Seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil

MÁIS INFORMACIÓN:

Servizo Municipal de Educación

Avda. da Marina 18, 2º-3º andar (Casa Paredes)

15001 - A Coruña

Tel.: 981 184 200, ext. 12038 / 010

Correo-e: educacion@coruna.es

Web: www.coruna.gal/educacion

PUBLICACIÓN: [BOP 14/02/2020](#) (Extracto)

CONCURSOS

Lingua de namorar

A D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado e a S.X. Política Lingüística, convocan o concurso de mensaxes de amor en galego "Lingua de namorar", que ten por obxecto dinamizar o uso do galego entre as/os mozas/os nas súas relacións persoais e nas novas tecnoloxías (Internet, mensaxería instantánea)

INSCRICIÓNS: ata o 03/03/2020

REQUISITOS:

- Concurso dirixido a toda a mocidade con idades entre os 14 e os 35 anos.
- Establécense 2 categorías de idade: - Categoría A: de 14 a 19 anos - Categoría B: de 20 a 35 anos
- As mensaxes deberán estar escritas en lingua galega e poderanse redactar en prosa ou en verso.
- A extensión máxima da mensaxe será de 350 caracteres, incluídos os espazos en branco.
- Cada participante poderá enviar un máximo de dúas mensaxes ao concurso.
- Todas as mensaxes deberán ser inéditas. A organización do concurso desbotará aquelas mensaxes de carácter discriminatorio ou ofensivo.
- Para poder enviar as mensaxes cumprirá rexistrarse na web do concurso <http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar>
- Rematado o prazo de envío de mensaxes, abrírase o período de votación do 10 ao 13 de marzo. As/os votantes tamén se deberán rexistrar na páxina do concurso. Cada usuario/a poderá votar por un máximo de 3 mensaxes en cada unha das categorías.

DOTACIÓN: 3 premios para cada categoría:

- 1º premio: Bicicleta pregable NILOX X2 Plus Motor 250w, autonomía 25 Km
- 2º premio: Tablet LENOVO ZA470057SE. 10,1" - 2/32 XB
- 3º premio: Cámara deportiva SUNSTECH Adrenaline. Vídeo 4K/30FPS. 16Mp

MÁIS INFORMACIÓN: <http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar>

*Arquivo: [Bases completas \(381 KB\)](#)



**Lingua de
Namorar**

Concurso de guións "E ti, como controlas?"

A Fundación Esplai, dentro do programa ACTÍVATE de prevención no tempo libre, convoca este concurso co pretende sensibilizar á cidadanía a través da creación de vídeos-anuncio sobre temas sociais que inquietan a mozas/os e que mostren as consecuencias dun uso negativo das novas tecnoloxías

INSCRICIÓNS: ata o 20/03/2020

REQUISITOS:

- Poden participar grupos compostos por mozos de 15 a 18 anos.
- Pódese participar con máis dun guión, os cales deben ser de autoría propia, e non poden estar escritos e/ou editados por profesionais.
- Temática e mensaxe: guións para Anuncios de temas sociais onde estean presentes as consecuencias dun uso negativo das novas tecnoloxías. Mostrando así, a importancia do uso saudable das tecnoloxías. Tamén sobre hábitos saudables en relación ao tabaco e o alcol. Protagonistas: mozos.
- Trala inscrición no [formulario online](#) a organización envía por correo-e os materiais sobre como elaborar un guión

DOTACIÓN:

- Gravación do guión cun equipo profesional
- Viaxe e estancia para dúas persoas (unha das persoas debe ser maior de idade) no Foro de Fundación Esplai Cidadanía Comprometida que se celebrará o 22, 23 e 24 de maio en Madrid.

MÁIS INFORMACIÓN:

Fundación Esplai

Tel: 93 551 89 56 – correo-e: lgranados@fundacionesplai.org

Web: <https://fundacionesplai.org/blog/socioeducativa>

*Arquivo: [Bases completas \(608 KB\)](#)



CONCURSOS

XI Festival de Clipmetraxes de Mans Unidas

Mans Unidas organiza a XI edición do festival de clipmetraxes para sensibilizar sobre os problemas que arrasan o noso mundo: a fame, a pobreza, a inxustiza, as desigualdades, a contaminación e as súas causas, a través dunha acción de educación para a cidadanía global, baseada na comunicación audiovisual.

INSCRICIÓN: ata o 14/04/2020 en www.clipmetrajesmanosunidas.org

REQUISITOS:

- Residentes en España ou españoles residentes noutro país maiores de idade
- Poderanse presentar tantos clipmetraxes como se queiran.
- As clipmetraxes son pezas dun minuto de duración. Poden ser de ficción, animación ou documental, e deben versar sobre a temática proposta.

DOTACIÓN:

- 1º premio: viaxe a Latinoamérica para gravar unha curtametraxe documental.
- 2º premio: cámara EOS 250D profesional
- 3er premio: cámara réflex EOS M100
- Premio ao clipmetraxe máis votado: cartón regalo de Mans Unidas por un importe de 100 €.

MÁIS INFORMACIÓN:

Mans Unidas

C/ Barquillo, nº 38 (28004 Madrid)

Tel: 91 308 20 20

Correo-e: concurso@clipmetrajesmanosunidas.org

Web: www.clipmetrajesmanosunidas.org

*Arquivo: [Bases completas \(236 KB\)](#)



XXIV Certame de poesía Francisco Añón

O Concello de Outes, comprometido e interesado en promover os valores creativo-literarios da nosa lingua, organiza este certame de poesía.

INSCRICIÓN: ata o 02/04/2020

REQUISITOS:

- Persoas de calquera nacionalidade que presenten textos orixinais e inéditos escritos en galego.
- Categorias: A: de 6 a 7 anos - B: de 8 a 9 anos - C: de 10 a 11 anos - D: de 12 a 14 anos - E: de 15 a 17 anos - F: Maiores de 18 anos.
- Para a categoría E, as obras terán unha extensión mínima de 150 versos. Para a categoría F, as obras terán unha extensión mínima de 200 versos.

DOTACIÓN:

- a) Os primeiros clasificados de cada categoría recibirán, ademais da publicación da obra, un vale en libros de: A: Vale de 120 € - B: Vale de 150 € - C: Vale de 180 € - D: Vale de 210 € - E: Vale de 450 € - F: Vale de 1300 €
- b) Accésit de cada categoría: publicación da obra.

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello de Outes


Avda. de San Campio, 1 (15230 - Outes)

Tel.: 981 850 950 / 981 842 406

correo-e: concello@out.es

Web: <http://out.es>

*Arquivo: [Bases completas \(488 KB\)](#)



CONCURSOS

17 Certame de Cómico de Cangas

A Concellería de Xuventude e Voluntariado do Concello de Cangas, convoca o 17 Certame de Cómico, dirixido a novos artistas non profesionais de ata 35 anos cumpridos en 2020.

INSCRICIÓNS: ata o 05/06/2020

REQUISITOS:

- Establécense tres categorías: 1º: Categoría A, de 18 a 35 anos; 2º: Categoría B, de 14 a 17 anos; 3º: Premio á Viñeta Xove para menores de 14.
- Os traballos serán orixinais con textos en galego, de creación propia ou inéditos, non debendo ser premiados anteriormente, e serán presentados na Casa da Xuventude do Concello de Cangas, ou por correo-e a xuventude@cangas.gal
- tema e a técnica son libres (cor ou branco e negro), en formato DIN-A4
- A extensión será de 4 páxinas para as categorías A e B; e de 2 a 4, para o Premio Viñeta Xove.

DOTACIÓN:

- Categoría A: 500 €
- Categoría B: 200 €
- Premio Veñeta Xove: 100 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Concello de Cangas

Casa da Xuventude: Rúa Real, 29 (36940 – Cangas)

Tfno: 986 392 171 - correo-e: xuventude@cangas.gal

Web: <https://cangas.gal/>

*Arquivo: [Bases completas \(3 MB\)](#)



Concurso "Balbino" de relatos

Técnicas & Gramaxe co apoio da S.X. Política Lingüística, Consellería de Cultura, Fundación Xosé Neira Vilas, concellos de Vila de Cruces e Boqueixón e da Deputación de Pontevedra convocan o V Concurso Balbino de Relatos. Pretende ser un estímulo as persoas que queiran participar na promoción e difusión de Galicia e da nosa cultura, cunha temática vinculada coas nosas tradicións, coa nosa xente, cos nosos costumes, co noso xeito de vida, coas nosas raíces...

INSCRICIÓNS: ata o 30/06/2020

REQUISITOS:

- Persoas de calquera nacionalidade e idade que presenten os seus traballos escritos en lingua galega e que terán como motivación temática o rural, o mar e a emigración.
- Os textos serán orixinais, inéditos e de autoría propia.
- Os textos terán unha extensión mínima de 100.000 caracteres con espazos e máxima de 180.000.
- envío poderá ser mediante correo electrónico ou correo postal. Será imprescindible enviar por correo ordinario e en sobre pechado os datos persoais.

DOTACIÓN: premio único de 1.500 € (a obra premiada será publicada por Edicións Fervenza)

MÁIS INFORMACIÓN:

Técnicas & Gramaxe, SL

Rúa Santa Olaia, 18 (36540 Silleda)

Correo-e: concursobalbino@gmail.com

Web: <https://concursobalbino.com/>

*Arquivo: [Bases completas \(3 MB\)](#)



Proceso de admisión de alumnos en centros de E.S.O. e Bacharelato para o curso 2020-2021

A Consellería de Educación, Universidade e FP abre o prazo de admisión para ESO e Bacharelato nos centros sostidos con fondos públicos

PRAZO E LUGAR DE SOLICITUDE: do 1 ao 20 de marzo de 2020

A solicitude presentárase no centro no que se solicite praza en 1º lugar co formulario normalizado (ED550B) que será facilitado gratuitamente nos centros docentes e estará dispoñible na web da Consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/30140>) e na sede electrónica da Xunta de Galicia ou a través da aplicación "admisionalumnado" dispoñible na web: www.edu.xunta.es/admisionalumnado

- ✓ Presentárase unha **única solicitude**, na que se pode facer constar unha relación de **até 6 centros** por orde de preferencia.
- ✓ A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá até o último día do prazo de presentación de solicitudes, mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/s presentada/s con anterioridade

CALENDARIO:

- antes do 1 de marzo: publicación de prazas vacantes nos centros docentes.
- **do 1 ao 20 de marzo:** presentación das **solicitudes de admisión**.
- do 23 de marzo a 3 de abril presentación da documentación acreditativa dos criterios do baremo (únicamente nos centros nos que exista máis demanda que oferta de prazas)
- antes do 25 de abril: publicación das **listaxes provisionais** de admitidos e non admitidos
- prazo de **reclamación**: 5 días hábiles contados a partir da publicación da listaxe provisional
- antes do 15 de maio: publicación das **listaxes definitivas** de admitidos e non admitidos
- **do 25 de xuño ao 10 de xullo:** formalización da **matrícula en ESO e bacharelato**.

REFERENCIAS LEGAIS:

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG do 26/12/2012), polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de ESO e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013), pola que se desenvolve o dito decreto.
- Corrección de erros. Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 24/04/2013)
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 1/02/2017), pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.
- Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

MÁIS INFORMACIÓN:

- Nos propios **IES**
- **Departamento Territorial da Consellería de Educación, Universidade e FP**
Edif. Adm. de Monelos, 7º andar
R/ Vicente Ferrer, 2. (15008- A Coruña)
Tfnos.: 981 184 797 / 981 184 787 / 981 184 778
correo-e: mdb@edu.xunta.es
WEB: www.edu.xunta.gal



Probas específicas de acceso ao grao en CC. da Actividade Física e do Deporte da UDC

A Universidade da Coruña convoca as probas específicas de acceso aos estudos de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, para o curso académico 2020/2021

Consistirán na realización de 3 probas de aptitude para a actividade física e o deporte, seguindo a orde que se especifica a continuación:

- Bloque 1: Proba de adaptación ao medio acuático
- Bloque 2. (elixir unha entre as tres seguintes):
 - Proba de axilidade no chan
 - Proba de carreira de obstáculos
 - Proba de axilidade co balón
- Bloque 3: Proba de resistencia cíclica

REQUISITOS:

- Ademais das persoas que reúnan os requisitos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, poderá presentarse ás probas específicas de acceso quen estea cursando o bacharelato ou un ciclo formativo de grao superior.
- De acordo co disposto no artigo 9 do RD 971/2007, do 13 de xuño, sobre deportistas de alto nivel e de alto rendemento, estes deportistas están exentos de realizar estas probas.
- Os aspirantes que obtiveron a cualificación de "apto" nas probas específicas de acceso que tiveron lugar no ano 2018 e 2019, non terán que realizalas novamente nesta convocatoria, sen prexuízo de cumprir coa normativa para o acceso e admisión á universidade.

LUGAR E DATAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS: As probas realizaranse nas instalacións da **Facultade de CC. do Deporte e a Educación Física da UDC**. Terán lugar nas seguintes datas:

- día **18 de abril** de 2020
- día **17 de xuño** de 2020

INSCRICIÓN: cubrir o formulario onlien en <https://probasinefgalicia.udc.es> e presentalo xunto coa documentación requerida na Secretaría do centro nos seguintes prazos:

- oportunidade do 18 de abril: inscrición **do 12 de febreiro ao 6 de marzo** ás 14:00 h
 - oportunidade do 17 de xuño: inscrición **do 30 de marzo ao 15 de maio** ás 14:00 h
- A esta oportunidade poderán concorrer as persoas que non obtiveron a cualificación de APTO na oportunidade de abril e tamén aquelas outras que por calquera circunstancia non se presentaran a esta.*

PREZO: o importe dos dereitos de exame será de 63,67 € + 6 € en concepto de seguro de accidentes.

**O pagamento dos dereitos de exame permitirá presentarse ás dúas oportunidades (abril e xuño); en caso de concorrer á 2ª oportunidade, só haberá que aboar novamente o seguro de accidentes.*

LUGAR / INFORMACIÓN:

Facultade de CC. do Deporte e a Educación Física
Avd. Che Guevara 121. Bastiagueiro,
15179 - Oleiros
Tlf. 981 167 000 ext. 4046
correo-e: inef@udc.es
web: <http://inefg.udc.es>

*Arquivo: [convocatoria.pdf. \(143 KB\)](#)

